



Plan de aula

No curso 2021-2022, o desenvolvemento das actividades docentes farase atendendo ás medidas de protección establecidas na normativa máis recente relativa á adaptación dos centros de ensino público á covid-19, recollidas e adaptadas á Escola Oficial de Idiomas de Vilagarcía. Estas medidas poderán ser susceptibles de modificación, segundo se vaian actualizando as instrucións por parte da administración competente.

Disposición da aula ordinaria

A distancia a manter entre postos escolares será a máxima que permita a aula. Para a aplicación do criterio de medición a distancia realizarase dende o centro das cadeiras

Establécense as seguintes medidas de conformación das aulas:

- a) Os postos escolares manterán unha distancia de 1,2 metros respecto de todos os postos que o rodeen medidos dende o centro da cadeira. Se fose preciso retirárase outro mobiliario como andeis ou colgadores que limiten o espazo dispoñible.
- b) Os postos escolares non se poden mudar de posición, manténdose acorde á sinalética marcada no chan.
- c) Os postos escolares están orientados nunha mesma dirección.
- d) Cando o tamaño da aula non permita a distancia entre postos buscaranse espazos alternativos onde sexa posible gardar a distancia de 1,2 metros.
- e) Cando non sexa posible ningunha das accións anteriores, estableceranse mecanismos de asistencia rotatoria.

Extremarase a orde no posto de traballo e nas mesas da aula, realizando a limpeza e desinfección establecidas nas medidas do protocolo covid do centro.

Medidas xerais de protección colectiva nas aulas

O uso da máscara por todo o alumnado, persoal do centro e outras persoas que accedan ao centro educativo é a medida básica de protección individual e colectiva.

IMPORTANTE: O alumnado que non poida ou estea exento de portar máscara non poderá asistir ao centro.

Nas entradas dos centros dispórase de produtos de hixiene que permitan, tanto ao persoal do centro coma ao alumnado e usuarios dos espazos de atención ao público, realizar unha adecuada hixiene das mans. En todas as aulas, na zona máis próxima á porta da mesma, dispónse un dispensador de xel hidroalcohólico.

Medidas específicas de protección nas aulas ordinarias

En cada sesión de aula ordinaria, tanto alumnado como profesorado deberán levar a cabo estes seis pasos:

Alumnado

1. Levar a máscara correctamente e non quitala en ningún momento.
2. Ao acceder á aula o alumnado e deberá desinfectar as mans.
3. Coller un lenzo sen tocar ou manipular o dispensador instalado na aula.
4. Dirixirse ao pupitre que vai ocupar durante a sesión.
5. Desinfectar a cadeira e pupitre ANTES de usalos, utilizando o lenzo e o produto que o/a docente pulverizará para tal efecto.
6. Evitar a deambular pola aula e tocar material de uso común.

Profesorado

1. Asegurarse de que o alumnado leva a máscara correctamente.
2. Asegurarse de que o alumnado desinfecta as mans ao entrar.
3. Asegurarse de que o alumnado colle un lenzo e non manipula o dispensador.
4. Pulverizar co líquido habilitado para tal efecto a cadeira e pupitre que cada alumno/a vai ocupar.
5. Encher e arquivar un plano de aula coa ubicación de cada alumno/a do grupo de clase. Se o alumnado ocupa o mesmo sitio que na/s sesión/s previa/s, non é preciso elaborar un novo plano de aula.
6. Conectarse durante a sesión ao CentrosNET e gravar a asistencia de todo o alumnado.*

*Para o rexistro de asistencia non será preciso descargar a folla de CentrosNET.

Medidas específicas de protección nas aulas 20 e 27

Sen prexuízo da aplicación das normas do punto anterior no caso de aulas de reserva, como aulas de informática e/ou laboratorios, extremaranse os protocolos de limpeza por tratarse de aulas de uso máis compartido.

Estas aulas usaranse previa reserva e serán desinfectadas cunha máquina nebulizadora entre usos.

Nestas aulas tamén é obrigatoria a hixiene de mans nas entradas e saídas das mesmas.

Cambios de clase

Na medida do posible, mediante a asignación de grupos ou de horarios, a norma xeral é que o alumnado non cambiará de clase agás nos supostos excepcionais.

No caso de ter que trasladarse a outra aula, deberase informar ao persoal de limpeza e conserxería, enviar unha notificación ao correo eoi.vilagarcia@edu.xunta.es e facer a reserva do espazo correspondente. Deberase levantar o plano de aula correspondente.

Sistema de reservas de aula e recursos



As reservas de **aulas** que fóra da aula de grupo asignada terán unha duración máxima de 90 minutos, con 30 minutos extra nos cales non se pode reservar tralo uso do espazo para a súa hixienización. Aplica especialmente nas **aulas de ordenadores 20 e 27**, que se poden reservar desde o inicio da franxa horaria e que deberán quedar baleiras aos 90 minutos para que acceda o **persoal de limpeza**. Prégase que, na medida do posible, se fagan as **reservas con antelación para poder planificar a desinfección dos espazos**. Agradecemos a colaboración para un correcto funcionamento

Materiais

O alumnado non compartirá material de uso propio con ningún dos seus/súas compañeiros/as. Nas aulas ou no propio pupitre deberá existir un espazo diferenciado para o material de cada alumno de xeito que non permita ser manipulado por outros compañeiros, por exemplo, a grella inferior.

Nas perchas o material ou roupa colocárase do xeito máis individualizado posible.

Os equipos de traballo (ordenador, monitor, teclado, rato, mesa, teléfonos ou material de oficina) deberán ser usados só pola persoa titular do posto e, de non ser posible, o novo usuario realizará unha correcta hixiene de mans antes do seu uso.

Cando se use material susceptible de ser compartido lembraráselle ao alumnado a necesidade e importancia da hixiene de mans antes e despois de usar o material. Isto aplica especialmente ao uso de material de aula reservado mediante o sistema de reservas, como auriculares ou tabletas, que contan co seu propio protocolo de uso e de limpeza.

Consideracións xerais na aula ordinaria

O alumnado ocupará o mesmo posto escolar na medida que a asistencia sexa relativamente estable e o permita. O/a titor/a do grupo poderá propor unha nova ocupación de aula e anotar nun novo plano de aula a ubicación de cada alumno/a en cada clase, por motivos de rastrexo. Evitarase o desprazamento do alumnado da aula.

Plan de entradas e saídas escalonadas das aulas

Organízanse as entradas de xeito que o inicio dunha mesma sesión sexa distinto segundo as zonas do edificio, evitando así aglomeracións nas escaleiras e nos corredores.

Mañás:

Aulas	1ª banda horaria	2ª banda horaria	Notas
01, 11, 14, 21, 24	9:25-11:15	11:30-13:20	En cada sesión pérdense 10 minutos. Entre unha sesión e a seguinte <u>na mesma aula</u> hai 15 minutos para ventilar.
02, 12, 15, 22, 25	9:30-11:20	11:35-13:25	
03, 13, 16, 23, 26	9:35-11:25	11:40-13:30	



Tardes:

aulas	1ª banda	2ª banda	3ª banda	notas
01, 11, 14, 21, 24	15:25-17:15	17:30-19:20	19:35-21:25	En cada sesión pérdense 10 minutos. Entre unha sesión e a seguinte <u>na mesma aula</u> hai 15 minutos para ventilar.
02, 12, 15, 22, 25	15:30-17:20	17:35-19:25	19:40-21:30	
03, 13, 16, 23, 26	15:35-17:25	17:40-19:30	19:45-21:35	

No caso de alumnos matriculados en máis dun idioma, o tempo de espera entre aulas abrangue un mínimo de 5 minutos e un máximo de 25.

As saídas anteriormente referidas serán ordenadas e continuas, deixando a distancia de seguridade. Agardarán polo/a profesor/a á entrada da nova aula gardando a distancia de seguridade, evitándose a formación de aglomeracións. Se houber outro grupo na aula; agardarase a que saia por completo o grupo anterior antes de entrar. O profesorado **saínte** recollerá o seu material, hixienizará o espazo usado polo docente e deixará as fiestras abertas para a ventilación do espazo. O profesorado **entrante** confirmará que a aula está baleira antes de entrar. Entrarase gardando a distancia evitando que se formen agrupacións de alumnado durante a espera, ventilarase a aula e o grupo entrante hixienizará pupitres ou mesas e cadeiras conforme os 6 pasos indicados arriba.

Plano de aula

Os planos de aula dixitais están dispoñibles na web do centro, xunto coa información sobre tempos de ventilación (<http://www.edu.xunta.gal/centros/eoivilagarcia/?q=node/633>), para que a persoa docente poida encher e rexistrar de xeito áxil os nomes e ubicación das persoas asistentes co fin de ter a información necesaria para o rastreo no suposto dun gromo.

Unha vez completado o plano cos datos das persoas asistentes, gárdanse no cartafol habilitado na ruta \\EOIVGA2\Profesores\Planos de aula\ co seguinte formato: *Número_de_aula-DDMMAA-Código de grupo* Por exemplo, o plano A02-011021-ALA11 corresponde á Aula 02, día 1 de outubro de 2021, grupo alemán A1.1 Estes datos conservaranse de xeito adecuado por se fosen requiridos polo centro de seguimento.

Docencia telemática

Caso de establecerse un período de docencia telemática obrigatoria, tanto as persoas docentes que indiquen a súa preferencia de acudir ó centro regularmente, como aquelas que precisen de unha aula de xeito esporádico, previa comunicación, a Xefatura de Estudos procederá a lles asignar unha aula de uso único durante toda a mañá ou toda a tarde.

Con esta medida, se evita que as persoas docentes compartan espazos de ensino e se asegura que poidan impartir as clases telemáticas na aula asignada sen máscara, asegurando a ventilación do espazo en todo momento e mantendo a porta pechada. Agás na aula indicada e durante a docencia telemática, a máscara deberá seguir sendo utilizada obrigatoriamente en tódolos espazos comúns do resto do centro.